

NOVIDADES EN MEDIDAS EN MATERIA AGRÍCOLA E DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA

-Desprazamentos a hortas (Orde SND/381/2020, do 3 de abril-BOE do 1 de maio de 2020):

1) Autorízanse os desprazamentos para coidado e recolección en hortas situadas no mesmo termo municipal ao do domicilio ou en municipios adxacentes.

2) O requisito de proximidade ao domicilio non se terá en conta, de maneira excepcional, nos seguintes casos:

a) No caso de ter que alimentar e coidar animais

b) Cando a recolección e coidado da horta sexa para autoconsumo en casos de necesidade para a subsistencia da persoa interesada.

3) Estes desprazamentos faranse de maneira individual, salvo no caso de acompañamento de persoas maiores, discapacitadas ou menores, sendo os mínimos imprescindibles e sempre polo tempo indispensable.

-Permisos e autorizacións de queimas agrícolas (Resolución do 28 de abril da Consellería do Medio rural-DOG do 29 de abril de 2020):

1) Os permisos de queima en terreos rústicos permanecen suspendidos durante o estado de alarma.

2) Autorízanse excepcionalmente e por razón fitosanitarias as queimas de restos agrícolas en explotacións profesionais agrícolas. Neste caso deberanse solicitar por correo electrónico aos servizos de prevención de incendios provinciais, incluíndo unha declaración responsable da persoa titular da explotación, xustificando a necesidade da queima, que non se poderá realizar ata recibir a autorización.

-Prevenición de incendios e xestión de biomasa (Resolución do 28 de abril da Consellería do Medio rural-DOG do 29 de abril de 2020):

1) Durante o estado de alarma continua a obriga de execución dos traballos de xestión da biomasa previstos na Lei de incendios por considerarse esenciais para a protección do interese xeral.

2) O prazo para a realización destes traballos estenderase ata o 16 de xullo de 2020.

3) As persoas que vaian realizar estas actividades deberán levar consigo unha declaración responsable indicando as leiras afectadas. Así mesmo, no caso de non levar os apeiros consigo deberá indicar na declaración que os ten despositados na leira.

